

Plan de reforzo

para a recuperación de matemáticas pendentes de cursos anteriores.

O alumnado que promocionou de curso sen ter superada a materia de matemáticas correspondente ao curso anterior, terá que seguir un **plan de reforzo** destinado a tratar de acadar as aprendizaxes non adquiridas. Este programa será aplicado polo profesor ou profesora do grupo ao que pertenza ese alumnado no actual curso.

Obxectivo fundamental do plan:

Que o alumnado adquira os coñecementos mínimos esixidos para o nivel correspondente.

Currículo a desenvolver:

O currículo a desenvolver será o especificado na programación didáctica do curso correspondente. Tendo en conta o obxectivo fundamental do plan, os estándares avaliábelles esixiranse no grao mínimo de consecución que temos establecido.

Actuacións e Metodoloxía:

As actuacións que levaremos a cabo axustaranse ás seguintes directrices:

- Ao comezo do primeiro trimestre, o xefe de departamento convocará unha reunión de departamento para que o profesorado, que teña nas súas aulas alumnado coas matemáticas pendentes de cursos anteriores, saiba o modo de proceder e así o transmita aos seus alumnos e alumnas. Nesta reunión informarase das características xerais do **plan de reforzo**: liña de traballo, horario de clases de reforzo -se as houber-, datas das probas parciais, criterios de avaliación, relación global de actividades a desenvolver.
- Nos primeiros días do curso o profesorado do departamento fará explícito, diante do alumnado que estea ao seu cargo e que teña matemáticas pendentes de cursos anteriores, cales serán as tarefas a desenvolver para acadar a recuperación das aprendizaxes
- Toda esta información estará a disposición do alumnado a través da web do centro (sección correspondente ao departamento de matemáticas), exporase nos lugares habilitados para este fin nos corredores do instituto.
- Articúlanse os seguintes cursos da **aula virtual**, nos que recollemos as relacións de actividades propostas nos plans de reforzo:
 - MATEMÁTICAS 1º ESO PENDENTES
 - MATEMÁTICAS 2º ESO PENDENTES
 - MATEMÁTICAS 3º ESO PENDENTES
- Ao longo de cada un dos trimestres, cada profesor supervisará a realización das actividades de reforzo propostas destinadas ao alumnado, atendendo as dúbidas que

lles xurdan e propoñendo miniprobos para comprobar o progreso axeitado na recuperación das aprendizaxes imprescindibles para a superación da proba trimestral de recuperación.

- O alumnado que, tendo matemáticas pendentes de cursos anteriores, siga un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, PMAR, ou un programa de diversificación curricular, PDC, será avaliado exclusivamente polo profesorado encargado do ámbito científico.
- Para o curso **2023-2024**, establécense as seguintes probas escritas:
 - 1ª proba o día **23 de novembro** de 2023 ás 16.15 h
 - 2ª proba o día **22 de febreiro** de 2024 ás 16.15 h
 - 3ª proba o día **23 de maio** de 2024 ás 16.15 h.
- Os contidos sobre os que xirarán estas probas comunicaránselle ao alumnado, e tamén se exporán no corredor principal do centro e na páxina web.
- Excepcionalmente, poderán incorporar contidos das probas anteriores, diferenciados por trimestres, destinados ao alumnado que non teña acadada unha avaliación positiva nas avaliacións parciais anteriores, ou desexa mellorar a súa cualificación.
- Ao longo do terceiro trimestre, no período comprendido dende o último exame parcial, de ser o caso, de recuperación dos parciais non superados, e ata final curso, facilitaranse tarefas individualizadas ao alumnado que, no seu día, non completou a entrega das tarefas do plan de reforzo, ou que a súa realización non foi satisfactoria, e que, ca súa valoración positiva puidera acadar a superación da materia pendente. Estas tarefas poderán facilitarse ao través da aula virtual, serán análogas ás do plan de reforzo e a súa valoración permitirá completar os 2 puntos correspondentes ao plan de reforzo.

Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.

- O profesorado propondrá e avaliará as tarefas que teña que realizar o alumnado, debendo este respectar os prazos que se establezan para a súa realización, e de selo caso, a entrega.
- O profesorado fará especial observación do interese e progreso do alumnado cando se traten, dentro do desenvolvemento do curso actual, cuestións directamente relacionadas coas aprendizaxes a recuperar.
- Valoraranse positivamente as respostas dadas correctamente polo alumnado en probas correspondentes ao presente curso que teñan que ver coa materia a recuperar.
- Cada nota parcial do alumnado que teña matemáticas pendentes de cursos anteriores calcularase así:

$$\text{Nota} = 0,8 \cdot NE + 0,2 \cdot NR$$

Sendo **NE** a nota obtida no exame correspondente e **NR** a nota acadada na participación no programa de reforzo (aproveitamento das clases do curso actual, implicación na realización das actividades propostas, valoración da corrección das actividades entregadas...)

- A nota global será a media aritmética das tres notas trimestrais, deste xeito:
 - Unha vez realizado o segundo exame parcial e, de ser o caso, a proba de recuperación, calcularase nota final así:

$$\text{Nota global} = 50\% \text{ Nota}_1 + 50\% \text{ Nota}_2$$

- Unha vez realizado o terceiro exame parcial e, de ser o caso, a proba de recuperación, calcularase nota final así

$$\text{Nota global} = 33,3 \% \text{ Nota}_1 + 33,3 \% \text{ Nota}_2 + 33,3 \% \text{ Nota}_3$$

Distribución de Temas 1º ESO

PRIMEIRO PARCIAL

1. Os números naturais.
2. Potencias e raíces.
3. Divisibilidade.
4. Os números enteiros.

SEGUNDO PARCIAL

5. Os números decimais.
6. As fraccións.
7. Operacións con fraccións.
8. Proporcionalidade e porcentaxes.

TERCEIRO PARCIAL

9. Álgebra.
10. Recta e ángulos.
11. Figuras xeométricas.
12. O sistema métrico decimal.
13. Áreas e perímetros.
14. Gráficas e funcións. (non entra)
15. Estatística e probabilidade. (non entra)

Distribución de Temas 2º ESO

PRIMEIRO PARCIAL

1. Números enteiros.
2. Números decimais e fraccións.
3. Operacións con fraccións.
4. Magnitudes proporcionais e porcentaxes.

SEGUNDO PARCIAL

5. Álgebra.
6. Ecuacións de primeiro e segundo grao.
7. Sistemas de ecuacións lineais.
8. Áreas de figuras planas. Teorema de Pitágoras.

TERCEIRO PARCIAL

9. Semellanza.
10. Corpos xeométricos.
11. Funcións. Táboas e gráficas.
12. Estatística.

Distribución de Temas 3º ESO

PRIMEIRO PARCIAL

1. Números racionais.
2. Potencias y raíces.
3. Proporcionalidade.

SEGUNDO PARCIAL

4. Sucesións. Progresións.
5. A linguaxe alxébrica. Polinomios.
6. Ecuacións e sistemas de ecuacións.
7. Funcións e gráficas. Funcións lineais e cadráticas.

TERCEIRO PARCIAL

8. Táboas, gráficos e parámetros estatísticos.
9. Azar e probabilidade.
10. Problemas métricos no plano.
11. Movementos no plano.
12. Corpos xeométricos.